



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: RESOLUCIÓN RECURSO DE ALZADA

Faise pública a seguinte Resolución da Alcaldía, número 709/2026, do 1 de xullo, pola que se resolve o recurso de alzada interposto contra os acordos do 1 de abril do 2026 do Tribunal nomeado no procedemento de selección de persoal número 10/2024-SPL-EST 2024/E001/000009:

DECRETO DO ALCALDE: RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA OS ACORDOS DO 1 DE ABRIL DO 2026 DO TRIBUNAL NOMEADO NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE DIRECCIÓN E ASESORÍA XURÍDICA DO CENTRO DE INFORMACIÓN A MULLER INCLUÍDA NA MODIFICACIÓN 1 DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, AO ABEIRO DO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

EXPTE. 10/2024-SPL-EST, 2024/E001/000009.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 1 de abril do 2026 o Tribunal designado para valorar as probas no proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de dirección e asesoría xurídica do Centro de información á muller, incluída na modificación 1 da Oferta de emprego público extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, acorda resolver as alegacións presentadas ao primeiro exercicio da fase de oposición, outorgar as puntuacións finais ás persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo e formular proposta de nomeamento a favor de Isabel Ramos Boo ao ter obtido a maior puntuación.

Estes acordos fanse públicos no Taboleiro electrónico do Concello e no Taboleiro da Casa do Concello o 13 de abril do 2026.

Segundo. Contra estes acordos presentáronse:

- A) Isabel Ramos Boo, o 13 de abril do 2026, solicita revisión da súa puntuación por entender que hai un erro de cálculo e que a súa puntuación na fase de oposición é de 79 e non de 78.
- B) Silvia Míguez Pereira, o 14 de abril do 2026, solicita acceso e copia dos exames realizados polas outras persoas aspirantes e aclaración dos motivos polos que se estima a alegación á pregunta 44 e se corrixe a resposta correcta que pasa a ser a a) e non a c).
- C) Silvia Míguez Pereira, o 12 de maio do 2026, presenta recurso de alzada contra o acordo do Tribunal polo que se outorgan as puntuacións na fase de oposición e se formula proposta de nomeamento.

Terceiro. Por Decreto do señor Alcalde 593/2026, do 1 de xuño, resólvese outorgar copia dos exames realizados polas outras aspirantes á señora Míguez Pereira e ao día seguinte remítenselle debidamente anonimizados.

Cuarto. Por Resolución do 2 de xuño do 2026 do señor Alcalde ordénase a apertura dun trámite de audiencia de 10 días hábiles, contados dende a notificación da mesma, para que todas as persoas interesadas poidan acceder ao contido do recurso de alzada presentado e formular as alegacións que estimen procedentes. Esta resolución notifícase a todas as aspirantes que superaron o proceso selectivo e faise público no Taboleiro electrónico e no Casa do Concello ese mesmo día.

Quinto. O 7 de xuño do 2026, Isabel Ramos Boo presenta escrito de oposición ao recurso e reitera a petición do 13 de abril do 2026 de revisión da puntuación outorgada.

Sexto. Por Resolución do Presidente do Tribunal do 19 de xuño do 2026 convócase sesión deste órgano para o día 23 de xuño do 2026 na cal acórdase:

<<**Primeiro.** Desestimar a solicitude da aspirante dona Isabel Ramos Boo, presentada o 13 de abril do 2026, de rectificación da puntuación outorgada a esta aspirante no 1ª exercicio da fase de oposición (78 puntos). O cálculo non se pode realizar sumando os novos puntos obtidos aos xa computados anteriormente dado que hai dúas preguntas anuladas nunha das cales esta aspirante obtivera un punto. Os cinco puntos aos que se refire a aspirante deben sumarse aos 73 puntos.

En todo caso, o resultado correcto sempre se estráe do total de respostas correctas que son 78.

Segundo. Informar á aspirante Silvia Míguez Pereira que o motivo polo que se considerou correcta a opción a) da pregunta 44 foi a seguinte: o artigo 8.b) do Real decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, recolle como requisitos para acceder á pensión non contributiva tres:

- residir legalmente en territorio nacional.
- facelo durante 10 anos entra a idade de 16 e a idade de devendo da pensión.
- dous anos dos anteriores deberán ser consecutivos e inmediatamente anteriores á solicitude da pensión.

Na resposta b) faltaría o requisito de residencia *legal* e faltaría indicar o dies a quem do cómputo: a *idade de devindicación da pensión*. En consecuencia a b) non sería correcta e a c) "ambas son correctas" tampouco porque implicaría que a b) é correcta.

Terceiro. Informar desfavorablemente o recurso de alzada interposto por dona Silvia Míguez Pereira o 12 de maio do 2026 polos seguintes motivos:

A) En relación á pregunta 17. Os recursos que procedan contra un acto administrativo deben incluírse sempre na notificación dese acto. É certo que para o suposto de que non se fagan constar, o apartado 3 do artigo 40 recolle unha solución a ese defecto formal: a notificación producirá efectos pero só "... a partires da data na que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña claquera recurso que proceda" e tamén o apartado 4 do mesmo artigo recolle outra solución: "...só para os efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos, o texto íntegro da resolución, así como o intento de notificación debidamente acreditado"; trátase en ambos casos de solucións que crea a norma para impedir a ineficacia dun acto por un defecto formal na notificación, sempre que quede acreditado que a persoa interesada tivo coñecemento da mesma e coñece os seus dereitos, por exemplo interpoñendo un recurso, pero a obriga de incluír os recursos en toda notificación segue existindo. A notificación segue a ser formalmente incorrecta, condicionando no primeiro caso a posibilidade de que esa notificación chegue a ser válida a unha actuación posterior da persoa notificada; e no segundo caso limitando a eficacia da notificación aos efectos de considerar cumprida a obriga de notificar en prazo. Polo tanto, a plena eficacia a todos os efectos dunha notificación independentemente da actuación da persoa notificada e polo tanto a súa corrección formal esixe sempre a inclusión dos recursos.

Polo tanto só pode admitirse como resposta correcta a c) dado que non todos os actos administrativos teñen que incluír a motivación segundo o artigo 35 da Lei 39/2015.

B) En relación á pregunta 40. O artigo 8.b) do Real decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, recolle como requisitos para acceder á pensión non contributiva tres:

- residir legalmente en territorio nacional.
- facelo durante 10 anos entra a idade de 16 e a idade de devendo da pensión.
- dous anos dos anteriores deberán ser consecutivos e inmediatamente anteriores á solicitude da pensión.

Na resposta b) faltaría o requisito de residencia *legal* e faltaría indicar o dies a quem do cómputo: a *idade de devindicación da pensión*. En consecuencia a b) non sería correcta e a c) "ambas son correctas" tampouco porque implicaría que a b) fose correcta.

Cuarto. Dar traslado de todo o actuado á Alcaldía para os efectos da resolución que corresponda.>>



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que:

“As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo as administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.”

Segundo. Considerando que o 122 da mesma Lei establece que:

“1. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun mes, se o acto for expreso. Transcorrido este prazo sen se ter interposto o recurso, a resolución será firme para todos os efectos (...).

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido este prazo sen se ditar resolución, poderase entender desestimado o recurso, salvo no suposto previsto no artigo 24.1, terceiro parágrafo.

3. Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1.”

Terceiro. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e nos apartados a), d) e g) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local,

RESOLVO:

Primeiro. Desestimar a solicitude da aspirante Isabel Ramos Boo, presentada o 13 de abril do 2026, de rectificación da puntuación outorgada a esta aspirante no 1ª exercicio da fase de oposición (78 puntos). O cálculo non se pode realizar sumando os novos puntos obtidos aos xa computados anteriormente dado que hai dúas preguntas anuladas nunha das cales esta aspirante obtivera un punto. Os cinco puntos aos que se refire a aspirante deben sumarse aos 73 puntos.

En todo caso, o resultado correcto sempre se estráe do total de respostas correctas que son 78.

Segundo. Informar á aspirante Silvia Míguez Pereira que o motivo polo que se considerou correcta a opción a) da pregunta 44 foi a seguinte: o artigo 8.b) do Real decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, recolle como requisitos para acceder á pensión non contributiva tres:

- residir legalmente en territorio nacional.
- facelo durante 10 anos entra a idade de 16 e a idade de devendo da pensión.
- dous anos dos anteriores deberán ser consecutivos e inmediatamente anteriores á solicitude da pensión.

Na resposta b) faltaría o requisito de residencia *legal* e faltaría indicar o dies a quem do cómputo: a *idade de devindicación da pensión*. En consecuencia a b) non sería correcta e a c) "ambas son correctas" tampouco porque implicaría que a b) é correcta.

Terceiro. Desestimar o recurso de alzada interposto o 12 de maio do 2026 por Silvia Míguez Pereira contra os acordos do 1 de abril do 2026 do Tribunal designado para valorar as probas no proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de dirección e

asesoría xurídica do Centro de información á muller, incluída na modificación 1 da Oferta de emprego público extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal ao abeiro do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polos seguintes motivos:

- A) En relación á pregunta 17. Os recursos que procedan contra un acto administrativo deben incluírse sempre na notificación dese acto. É certo que para o suposto de que non se fagan constar, o apartado 3 do artigo 40 recolle unha solución a ese defecto formal: a notificación producirá efectos pero só "... a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña claquera recurso que proceda" e tamén o apartado 4 do mesmo artigo recolle outra solución: "...só para os efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos, o texto íntegro da resolución, así como o intento de notificación debidamente acreditado"; trátase en ambos casos de solucións que crea a norma para impedir a ineficacia dun acto por un defecto formal na notificación, sempre que quede acreditado que a persoa interesada tivo coñecemento da mesma e coñece os seus dereitos, por exemplo interpoñendo un recurso, pero a obriga de incluír os recursos en toda notificación segue existindo. A notificación segue a ser formalmente incorrecta, condicionando no primeiro caso a posibilidade de que esa notificación chegue a ser válida a unha actuación posterior da persoa notificada; e no segundo caso limitando a eficacia da notificación aos efectos de considerar cumprida a obriga de notificar en prazo. Polo tanto, a plena eficacia a todos os efectos dunha notificación independentemente da actuación da persoa notificada e polo tanto a súa corrección formal esixe sempre a inclusión dos recursos.

Polo tanto só pode admitirse como resposta correcta a c) dado que non todos os actos administrativos teñen que incluír a motivación segundo o artigo 35 da Lei 39/2015.

- B) En relación á pregunta 40. O artigo 8.b) do Real decreto 357/1991, do 15 de marzo, polo que se desenvolve, en materia de pensións non contributivas, a Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, recolle como requisitos para acceder á pensión non contributiva tres:
- residir legalmente en territorio nacional.
 - facelo durante 10 anos entra a idade de 16 e a idade de devendo da pensión.
 - dous anos dos anteriores deberán ser consecutivos e inmediatamente anteriores á solicitude da pensión.

Na resposta b) faltaría o requisito de residencia *legal* e faltaría indicar o dies a quem do cómputo: a *idade de devindicación da pensión*. En consecuencia a b) non sería correcta e a c) "ambas son correctas" tampouco porque implicaría que a b) fose correcta.

Cuarto. Facer pública a presente resolución mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro electrónico do Concello e no da Casa do Concello e notificala a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa, e contra a cal poderase interpoñer:

- Recurso ante a Sección do Social do Tribunal de Instancia no prazo de dous meses contados desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tf: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

Asdo. Anxo Rei Arca